

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE AGOSTO DE 2023

Ás 11:05 horas do día 23 de agosto de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 18 de agosto, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19.756-77) (aclaración Sobre C)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Lémbrese que na sesión do 18 de agosto de 2023 se acordou conceder un prazo de tres días a FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. para que puidese aclarar a porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP en cada un dos lotes (sen que en ningún caso puidese alterar os termos da oferta), así como presentar o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- e na cláusula 14.2.C do PCAP para cada un dos lotes.

Dentro do prazo concedido, o 19 de agosto de 2023, o licitador presentou aclaración e orzamento detallado para cada un dos lotes. Á vista da documentación presentada, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Aceptar a aclaración formulada por FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. aos lotes 3, 4, 5, 6, 7, 8, 10, 11 e 12.
- Rexeitar a aclaración formulada por FORGAL FORMACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. ao lote 9 por entender que altera os termos da oferta inicial, presentada dentro do



| | | |
|--|---|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 1 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

prazo de presentación de ofertas e, en consecuencia, excluír ao licitador deste lote (entre outras, Resolución TACRC nº 443/2019).

- Solicitar informe ao servizo xestor sobre as proposicións avaliábeis mediante fórmula dos licitadores admitidos.

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no parque zoolóxico de VigoZoo (11.763-612) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 11 de agosto de 2023, o 17 de agosto, se concedeu un prazo de tres días a MILCONS, S.L. para que emendase a documentación persoal. O licitador presentou documentación dentro do prazo concedido.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Non admitir neste procedemento a MILCONS, S.L. por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. Concretamente, o licitador non respondeu a varios dos motivos de exclusión recollidos no parte III do PCAP ("*Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho social*", "*Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho laboral*", "*¿Se encuentra el operador económico en quiebra?*", "*¿Ha celebrado el operador económico un convenio con sus acreedores?*", "*Activos que están siendo administrados por un liquidador*" e "*Acuerdos con otros operadores económicos destinados a falsear la competencia*").
- b) Formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no parque



| | | |
|--|---|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 2 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



zoológico de VigoZoo (11.763-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 14 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto do servizo de mantemento e servizos auxiliares no parque zoológico de VigoZoo (11.763-612).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 21 de xullo de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 3 de agosto.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 10 de agosto de 2023 só se presento un licitador, MILCONS, S.L.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de agosto de 2023 acordou outorgar un prazo de tres días a MILCONS, S.L. para que puidese emendar a documentación presentada no Sobre A por non axustarse ao esixido na cláusula 14.2A) do PCAP. O licitador presentou documentación dentro do prazo concedido.

Quinto.- Na sesión do 23 de agosto de 2023 a Mesa de Contratación acordou non admitir neste procedemento a MILCONS, S.L. por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos. Concretamente, o licitador non respondeu a varios dos motivos de exclusión recollidos no parte III do PCAP ("*Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho social*", "*Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho laboral*", "*¿Se encuentra el operador económico en quiebra?*", "*¿Ha celebrado el operador económico un convenio con sus acreedores?*", "*Activos que están siendo administrados por un liquidador*" e "*Acuerdos con otros operadores económicos destinados a falsear la competencia*").

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.



| | | |
|--|---|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 3 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Dado que o único licitador presentado non emendou correctamente a documentación do Sobre A dentro do prazo concedido para o efecto cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e servizos auxiliares no parque zoolóxico de VigoZoo (11.763-612) porque o único licitador presentado non emendou correctamente a documentación do Sobre A dentro do prazo concedido para o efecto".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11.161-307)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ACCIONA MEDIO AMBIENTE, S.A.
 2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (15.600-445)

A secretaria comunica que segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral non se presentou ningunha proposición a esta licitación dentro do prazo de presentación que remataba o 18 de agosto.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a



| | | |
|--|---|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 4 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (15.600-445)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (15.600-445).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 3 de agosto de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 18 de agosto.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 22 de agosto de 2023, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 22 de agosto de 2023, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do



| | | |
|--|---|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 5 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

parque móbil do Concello de Vigo (15.600-445) por non terse presentado ningunha proposición”.

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a realización dos traballos de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (16.650-306)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

De conformidade co previsto na cláusula 20.2 do PCAP, realizarse a análise de risco de existencia de conflito de interese a través da ferramenta informática MINERVA, nos termos establecidos na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro.

e) Procedemento aberto para a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generaion EU (10.127-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descrición pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

De conformidade co previsto na cláusula 20.2 do PCAP, realizarse a análise de risco de existencia de conflito de interese a través da ferramenta informática MINERVA, nos termos establecidos na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de



| | | |
|--|---|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 6 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



mantemento e servizos auxiliares no parque zoolóxico de VigoZoo (11.763-612)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou formular proposta ao órgano de contratación para declarar esta licitación ao non admitir no procedemento ao único licitador presentado por non emendar correctamente a documentación do Sobre A dentro do prazo concedido para o efecto.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento das zonas de interese patrimonial (11.161-307)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3.124-334)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, instrutora dos expedientes relativos a Normalización Lingüística, o 11 de agosto de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9.706-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 18 de agosto de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", así como informe que corrixe o anterior do 23 de agosto de 2023.

A Mesa acepta, por unanimidade, o segundo informe e acorda excluír a BARAFUNDA, S.L. do lote 1 e a BIGLAB S.L.U. do lote 5, por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido na cláusula 16A do PCAP ("Na valoración deste criterio, de conformidade co disposto no artigo 146.3 da LCSP, o umbral mínimo de puntuación que se debe acadar para continuar no proceso selectivo é de 22,50 puntos").



| | | |
|--|---|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 7 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (15.600-445)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou formular proposta ao órgano de contratación para declarar esta licitación ao non terse presentado proposicións.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3.124-334)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

LOTE 1

| | Licitador | Redución do prezo do contrato | Cualificación do persoal para adscribir ao contrato a maiores do esixido no apartado 5F FEC Formación en dinamización / Experiencia en formación | Control de calidade |
|---|----------------------------|-------------------------------|--|---------------------|
| 1 | ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA | 8.800,00 € | 0/0 | non |

LOTE 2

| | Licitador | Redución do prezo do contrato | Cualificación do persoal para adscribir ao contrato a maiores do esixido no apartado 5F FEC Formación en dinamización / Experiencia en formación | Control de calidade |
|---|----------------------------|-------------------------------|--|---------------------|
| 1 | ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA | 32.868,00 € | 0/0 | non |



| | | |
|--|---|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 8 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



LOTE 3

| | Licitador | Redución do prezo do contrato | Cualificación do persoal para adscribir ao contrato a maiores do esixido no apartado 5F FEC Formación en dinamización / Experiencia en formación | Control de calidade |
|---|----------------------------|-------------------------------|--|---------------------|
| 1 | ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA | 11.110,00 € | 0/0 | non |
| 2 | NORFORMACIÓN S.L. | 6.200,00 €/anualidade | 0/0 | si |

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións, actividades e espectáculos de pequeno formato dentro do Programa "Vigo en Festas" (9.706-335)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

LOTE 1

| | Licitador | Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios | Participación de persoas cun grao de discapacidade recoñecida oficialmente superior ao 33% na composición escénica do espectáculo ou actividade proposto |
|---|----------------|---|--|
| 1 | BIGLAB, S.L.U. | 0% | 0 |

LOTE 2



| | | |
|--|---|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 9 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

| | Licitador | Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios | Participación de persoas cun grao de discapacidade recoñecida oficialmente superior ao 33% na composición escénica do espectáculo ou actividade proposto |
|---|-------------------|---|--|
| 1 | VIGO POR LA DANZA | 1% | - |

LOTE 3

| | Licitador | Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios | Participación de persoas cun grao de discapacidade recoñecida oficialmente superior ao 33% na composición escénica do espectáculo ou actividade proposto |
|---|--|---|--|
| 1 | BIGLAB, S.L.U. | 3% | 0 |
| 2 | FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO | 5% | 1 |

LOTE 4

| | Licitador | Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios | Participación de persoas cun grao de discapacidade recoñecida oficialmente superior ao 33% na composición escénica do espectáculo ou actividade proposto |
|---|-----------------|---|--|
| 1 | BARAFUNDA, S.L. | 3,26% | - |

LOTE 5

| | Licitador | Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios | Participación de persoas cun grao de discapacidade recoñecida oficialmente superior ao 33% na composición escénica do espectáculo ou actividade proposto |
|---|-----------------|---|--|
| 1 | BARAFUNDA, S.L. | 3,26% | - |

Asiste á apertura D. Enrique Lorenzo Vila, en representación de FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO.



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU" (1.632-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 8 de agosto de 2023, en cumprimento do acordado na sesión do 4 de agosto, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U. – AVAN INTEGRAL, S.L.

Durante o prazo concedido, o 9 de agosto de 2023, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 10 de agosto de 2023 a enxeñeira industrial e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen que non se pode chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da LCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación:

- Excluir deste procedemento á UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U. – AVAN INTEGRAL, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

b) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21.174-240)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 11 de agosto de 2023, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con AXA SEGUROS GENERALES, S.A.

Durante o prazo concedido, o 14 de agosto, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 18 de agosto de 2023 o xefe do Servizo de Patrimonio emitiu informe sobre a



| | | |
|--|---|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 11 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

xustificación presentada no que conclúe "estimase xustificada a viabilidade da oferta formulada pola licitadora ó procedemento para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo, podendo admitirse".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación:

- Aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por AXA SEGUROS GENERALES, S.A. neste procedemento.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Benestar Social o 17 de agosto de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña con nós pola igualdade" (12.131-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade o 17 de agosto de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU" (1.632-441)

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe da Área de Investimentos o 11 de agosto de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

d) Procedemento aberto para a contratación do seguro de



| | | |
|--|---|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 12 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21.174-240)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio o 18 de agosto de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, dos informes de valoración das proposicións presentada e das resolucións nº 135/2023 e 136/2023 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), polas que se estiman os recursos nº 121/2023 e 124/2023, interpostos por EULEN SEGURIDAD, S.A. e SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U., respectivamente, contra os acordos de exclusión e de declaración de deserta desta contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (resolución da Alcaldía do 21 de xuño de 2023 e acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de seguridade e vixilancia en CEDRO e CMSS (2.926-315) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitador | Puntuación total |
|------|----------------------------|------------------|
| 1 | SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. | 75,75 puntos |
| 2 | EULEN SEGURIDAD, S.A. | 54,74 puntos |

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U. (B-36.562.429), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- do PCAP.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña



| | | |
|--|---|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 13 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

con nós pola igualdade" (12.131-224)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (resolución da Alcaldía do 21 de xuño de 2023 e acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Dar conta ao órgano de contratación dos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- Sesión do 13 de xullo de 2023: acórdase non admitir neste procedemento a ASE PSIKÉ, S.L. por non ter emendado en prazo a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.
- Sesión do 28 de xullo de 2023: acórdase excluír a NORFORMACIÓN, S.L. por ter presentado a súa proposición do sobre C descifrada antes do momento da súa apertura (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.1 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador").

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria "Camiña con nós pola igualdade" (12.131-224) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|------|---|------------------|
| 1 | RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L. | 69.58 |
| 2 | BEPROJECT CONSULTORIA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. | 61.5 |

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, RETNOVA PROXECTIA CONSULTING, S.L. (B-70.470.737), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do "Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos



| | | |
|--|---|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 14 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



européos NEXT-GENERATION-EU" (1.632-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (resolución da Alcaldía do 21 de xuño de 2023 e acordo da Xunta de Goberno local de data 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Excluir deste procedemento á UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U. – AVAN INTEGRAL, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado o 10 de agosto de 2023 pola enxeñeira industrial e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do "Proxecto Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil na rúa Escultor Gregorio Fernández no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU" (1.632-441) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|------|---|------------------|
| 1 | ORECO BALGON, S.A. | 94.56 |
| 2 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A. | 90.35 |
| 3 | UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. - CONSTRUCCIONES OREGA S.L. | 90.32 |

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, S.A. (A-36.614.691), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Este proxecto atópase cofinanciado con fondos do «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU», a través da Orde ICT/567/2022, de 15 de xuño, pola que se modifica a Orde ICT/951/2021, de 10 de setembro, pola que se establecen as bases reguladoras das liñas de axudas para o fortalecemento da actividade comercial nas zonas turísticas, que se enmarca na Compoñente 14: Plan de modernización e competitividade do sector turístico, e na medida Inversión 4: Actuacións especiais no ámbito do competitividade, submedida 4:



| | | |
|--|---|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 15 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Fortalecemento da actividade comercial nas zonas turísticas, identificador C14.I4.a, non tendo asignado un campo de intervención nin un etiquetaxe verde nin dixital.

d) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21.174-240)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por AXA SEGUROS GENERALES, S.A. neste procedemento, en base ao informe emitido polo xefe do Servizo de Patrimonio o 18 de agosto de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello de Vigo (21.174-240) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|------|--|------------------|
| 1 | AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS | 98,57 |
| 2 | MAPFRE ESPAÑA, S.A. | 25,01 |

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES SA DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-60.917.978), para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do Concello de Vigo (52.694-444)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE



| | | |
|--|---|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 16 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do Concello de Vigo (52.694-444)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do contrato de servizo de mantemento integral dos elementos mecánicos de transporte vertical do Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 31 de maio de 2023.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares redactado e asinado pola Enxeñeira Industrial en data 10 de maio de 2023.
estimase en

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de SEISCENTOS VINTE TRES MIL CENTO CINCUENTA EUROS (623.150 €), IVE engadido, sendo o importe correspondente ao IVE de CENTO OITO MIL CENTO CINCUENTA EUROS (108.150 €).

Por ter o financiamento carácter plurianual, cargarase á aplicación orzamentaria 1532.227.99.00 "MANTEMENTO E CONSERVACIÓN ASCENSORES EN VÍAS", tendo a seguinte distribución por anualidades.

| | 2023 | 2024 | 2025 | TOTAL |
|----------------------|-------------|--------------|--------------|--------------|
| ESCALEIRAS MECÁNICAS | 12.000,00 € | 36.000,00 € | 24.000,00 € | 72.000,00 € |
| RAMPLAS MECÁNICAS | 29.800 € | 149.100 € | 122.400 € | 301.300,00 € |
| ASCENSORES | 19.600 € | 70.900 € | 51.200 € | 141.700,00 € |
| TOTAL SEN IVE | 61.400,00 € | 256.000,00 € | 197.600,00 € | 515.000,00 € |



| | | | | |
|-----------|-------------|--------------|--------------|--------------|
| IVE (21%) | 12.894,00 € | 53.760,00 € | 41.496,00 € | 108.150,00 € |
| TOTAL | 74.294,00 € | 309.760,00 € | 239.096,00 € | 623.150,00 € |

Quinto.- *Abrir o procedemento licitador para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente*”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 4 de agosto de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do concello de Vigo (52.694-444) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitadores | Puntuación total |
|------|----------------------------|------------------|
| 1 | TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. | 95,23 |
| 2 | SCHINDLER, S.A. | 71,65 |
| 3 | ASCENSORES ENOR, S.L. | 54,84 |

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. (B-46.001.897), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., o día 8 de agosto de 2023, que presenta a documentación requirida o 18 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 23 de agosto de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



| | | |
|--|---|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 18 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 10 de xullo e 1 de agosto de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L. (B-46.001.897) o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical do Concello de Vigo (52.694-444) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 419.135,29 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 72.742,49 euros.

- *Escaleiras mecánicas: 63.228,00 euros*
- *Ramplas mecánicas: 176.372,00 euros*
- *Ascensores urbanos: 106.792,80 euros*

b) Propón as seguintes porcentaxe de desconto (%) a aplicar aos prezos unitarios sinalados no apartado 3.G das FEC do PCAP:



| | | |
|--|---|-----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 25/04/2024 07:13 | Páxina 19 de 20 |
| ACTAS PERFIL CONTRATANTE | CSV: A9A148-5CCBDB-4237D7-CRXKKGH-9PVD7J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

| RAMPLAS | €/MES SEN IVE | % BAIXA OFERTADA | €/MES OFERTADO SEN IVE |
|-----------------------------------|----------------------|-------------------------|-------------------------------|
| Aparatos de menos de 7 metros | 350 | 65,00 % | 122,50 € |
| Aparatos de 7 a 12 metros | 400 | | 140,00 € |
| Aparatos de 13 a 17 metros | 450 | | 157,50 € |
| Aparatos de 18 a 25 metros | 550 | | 192,50 € |
| Aparatos de 26 a 35 metros | 700 | | 245,00 € |
| Aparatos de 36 a 45 metros | 850 | | 297,50 € |
| Aparatos de 46 a 65 metros | 1100 | | 385,00 € |
| | | | |
| ESCALEIRAS | €/MES SEN IVE | % BAIXA OFERTADA | €/MES OFERTADO SEN IVE |
| Aparatos de menos de 7 metros | 350 | 65,00 % | 122,50 € |
| Aparatos de 7 a 12 metros | 400 | | 140,00 € |
| Aparatos de 13 a 17 metros | 450 | | 157,50 € |
| Aparatos de 18 a 25 metros | 550 | | 192,50 € |
| Aparatos de 26 a 35 metros | 700 | | 245,00 € |
| Aparatos de 36 a 45 metros | 850 | | 297,50 € |
| Aparatos de 46 a 65 metros | 1100 | | 385,00 € |
| | | | |
| ASCENSORES | €/MES SEN IVE | % BAIXA OFERTADA | €/MES OFERTADO SEN IVE |
| Inclinado | 1800 | 65,00 % | 630,00 € |
| Vertical <= 10 metros | 300 | | 105,00 € |
| Vertical de 11 metros a 20 metros | 400 | | 140,00 € |
| Vertical de 21 metros a 30 metros | 500 | | 140,00 € |
| Vertical de 31 metros a 50 metros | 650 | | 227,50 € |

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:55 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

